

Comprensión lectora: inferencias

Á miña irmá Olalla gústalle moito aprender. Este ano fixo un curso de cociña, foi a clases de italiano e portugués e tamén aprendeu a facer calceta coa avoa.

Cantos idiomas estranxeiros estuda Olalla?

A tía Elvira viaxa moito por traballo e case nunca está na casa. Este ano viviu na India entre marzo e maio e no mes de setembro tivo que volver marchar, esta vez a Xapón. Afortunadamente regresou xusto o mesmo día do meu aniversario o 31 de decembro.

Cantos meses estivo no estranxeiro a tía Elvira?

Collemos dous bocadillos, un para cada un, máis uns refrescos e dirixímonos a sentarnos na area. O mar estaba en calma e Mateo deuse un baño de case unha hora despois do xantar.

Onde se atopan? Cantas persoas son?

Mamá regresou co maleteiro case cheo do centro comercial. Mercou unha alfombra nova para o salón, un conxunto de saia e camiseta para Berta, unha chaqueta de verán para papá, dous pares de calcetíns e un pantalón curto para min e o agasallo de voda do tío André: o telescopio que sempre quixo ter para observar os cráteres da lúa.

En que medio de transporte foi mamá ao centro comercial?

Mercou algún obxecto de decoración?

Cantas pezas de roupa comprou?

Mercou algún regalo para alguén?

A de Xiao é a mellor mascota do mundo. Sabe dar a pata, ladra cando se achegan persoas estrañas ao xardín da casa e colle a correa coa boca se necesita saír a facer as súas necesidades.

Que animal é a mascota de Xiao?

Para que colle a correa coa boca?

Que quere dicir a expresión "as súas necesidades"?

Podes saber se Xiao é unha persoa adulta ou un neno? Por que?

Antía a veterinaria é a persoa máis deportista que coñezo. Dáselle moi ben o fútbol sala, xoga nun equipo de baloncesto, participa en competicións de atletismo e este mes comezou a ir a clases de natación.

Practica Antía algún deporte acuático?

Cal é a profesión de Antía?

Na lista da compra apuntei: dous limóns, tres melocotóns verdes, catro paquetes de café, dous cartóns de leite desnatado, un quilo de cenorias, dous quilos de tomates maduros, mazás, bananas e chocolate.

Cantas froitas distintas vou mercar?

Hai na lista algún produto que saiba doce?